

MATERIAS OPTATIVAS 3º ESO

PROXECTO COMPETENCIAL

O currículo diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que poderá configurarse a modo de traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade. En todo caso, as actividades propostas nesta materia irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os diferentes saberes. A atribución docente do Proxecto Competencial correspóndelle ao profesorado de calquera das especialidades do corpo de profesorado de ensino educativo.

FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA NA ESO E NO BACHARELATO

A materia de francés (2ª lingua estranxeira) é obrigatoria en 1º e 2º de ESO e é materia optativa en 3º ESO, 4º ESO, 1º BACHARELATO e 2º BACHARELATO. Ao longo de toda a ESO e durante os dous anos de bacharelato o departamento de francés prepara ao seu alumnado para a realización dos exames DELF.

Que é o DELF Escolar ?

Os diplomas DELF (Diplôme d'Études en Langue Française) son os diplomas oficiais de lingua francesa expedidos polo Ministerio de Educación Nacional de Francia e recoñecidos internacionalmente por 174 países. Todos aqueles alumnos e alumnas de centros públicos de ensino secundario da Comunidade Autónoma de Galicia que estuden a materia de Francés como primeira ou segunda lingua estranxeira na Educación Secundaria Obrigatoria ou no Bacharelato poden presentarse ás probas para a obtención deste diploma. O diploma DELF Escolar ten a mesma validez oficial que o DELF para adultos. As probas están adaptadas para o alumnado adolescente e as taxas de exame son reducidas para o alumnado. No ámbito académico, as certificacións DELF favorecen a mobilidade estudiantil internacional ao certificar o coñecemento en lingua francesa: o DELF B2 constitúe un acceso directo ás universidades francesas e facilita presentarse para obter unha bolsa Erasmus. Os niveis ofertados no DELF Escolar corresponden aos niveis A2, B1 e B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL). O IES de Beade ven presentando aos seus alumnos desde o curso 2016/2017 cun éxito salientable.

Ademais, na fase voluntaria da **ABAU**, o francés segunda lingua estranxeira ten a ponderación máxima (**0.2 puntos**) no acceso a 17 graos de humanidades e a 27 graos de ciencias sociais e xurídicas.

EDUCACIÓN DIXITAL

A materia de Educación Dixital trata de achegarlle ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse aos cambios no ámbito dixital. Deste xeito, estrutúrase en catro bloques: «Dispositivos dixitais e sistemas operativos», «Creación e edición de información e contidos dixitais», «Pensamento computacional» e «Ética e seguridade dixital», os cales tratan aspectos moi relacionados entre si, que son necesarios para que o alumnado poida desenvolverse con soltura e seguridade nos ámbitos profesional e persoal. Trátase dunha materia de carácter eminentemente práctico, que se desenvolverá na aula de informática.



ORATORIA

Empregar a palabra perante o público e unha habilidade cada vez máis necesaria. A participación democrática activa, o desenvolvemento persoal, a consecución dunha carreira académica exitosa e o exercicio de calquera profesión pasan hoxe en día polo satisfactorio desempeño en situacións variadísimas en que a oratoria resulta extraordinariamente útil: debates, participacións en órganos de goberno, defensas de teses ou de proxectos de fin de carreira, mesas redondas, breves discursos de inauguración, relatorios, discursos comerciais, comunicacións coa clientela e con outros membros da mesma organización ou empresa, presentacións de ideas ante asociacións e institucións, etc. O alumnado empregará a palabra e as técnicas da retórica e da oratoria para presentar proxectos, achegas, opinións ou refutacións en foros diversos en que poida participar (xuntanzas no ámbito escolar, asociativo etc.) En definitiva, a oratoria contribuirá a desenvolver habilidades fundamentais, pois as persoas que se expresan ben en público acostuman a obter mellores resultados académicos en todas as materias, xestionan mellor as súas emocións, fomentan a súa capacidade crítica, xeran pontes de entendemento co seu auditorio e exercen con eficacia o seu liderado.

CULTURA CLÁSICA

Esta materia ten un obxectivo básico: coñecer os aspectos máis relevantes das sociedades e das culturas de Grecia e Roma e descubrir, desde o mundo de hoxe, o fío que nos guía ata elas. A cultura grecolatina, patrimonio común e irrenunciable, é a base dunha parte moi importante do pensamento occidental, e as formas creadas polo xenio de gregos e romanos constitúen o soporte e a esencia da nosa civilización.

Mediante a comparación constante entre o seu contorno e a diversidade dos clásicos grecorromanos o alumnado será quen de recoñecer en que medida o seu presente é froito dun rico proceso creador que transcorre ao longo de máis de trinta séculos de historia. Así mesmo, comprobará de que xeito a cultura clásica se converte na enerxía impulsora de todo renacemento cultural, e en particular de aquel co que se inaugura a época moderna e será un instrumento de referencia necesario para entender a configuración e o progreso do que hoxe chamamos Europa.

A cultura que modelou o noso presente e fixa boa parte dos nosos canons estéticos é tamén transmisora de valores universais, aos que o alumno se achegará mediante a lectura de narracións míticas e de textos da literatura clásica que nos axudarán a descubrir como temas e tópicos desta cultura se transmitiron ata hoxe e seguen vivos nos nosos escritos e mesmo nas expresións da lingua cotiá.



EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL (SECCIÓN BILINGÜE)

A materia de EPVA Bilingüe desenvolve os mesmos contidos curriculares contemplados para os grupos non bilingües. Abordaremos cuestións de percepción visual, cor, punto, liña, plano, composición, debuxo técnico...empregando de xeito progresivo o inglés como lingua de comunicación. A finalidade desta metodoloxía non é tanto ensinar a lingua estranxeira como ensinar a comunicarse nela coa máxima naturalidade posible, dende os catro aspectos fundamentais de calquera lingua: ENTENDER, FALAR, LER e ESCRIBIR. *(Cómpre aclarar que a docente da materia avalía ao alumnado en relación á súa adquisición de coñecementos propios de EPVA pero nunca de Inglés)*

A idoneidade de EPVA como materia a cursar en inglés vén dada polas seguintes razóns:

- Fundaméntase máis na praxe que na teoría, favorecendo espazos de conversa, intercambio de opinións, traballo cooperativo... onde o alumnado participa de xeito activo no emprego da lingua estranxeira.
- As explicacións refórzanse con imaxes, de xeito que as pequenas lagoas que puidesen xurdir na comprensión oral, desaparecen cos exemplos visuais vistos na aula.

Serán recursos didacticos específicos aqueles de compoñente lúdica (hangman, crosswords, webquests, flashcards) de xeito que sirvan de afiuzamento dos contidos tratados.